



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Travesa dos Basquiños, 9, baixo

15.704 Santiago de Compostela

Tfno e fax: 981-570099

Correo-e: adeqa@adeqa.gal

Páxina electrónica: www.adeqa.gal

DOCUMENTO DE ALEGACIÓNS

Fins Eirexas Santamaría, con DNI XXXXXXXX-S, secretario técnico de ADEGA, (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza) CIF G-15044811, en representación desta entidade e da Plataforma Salvemos o Iribio, con domicilio a efectos de notificación na Travesa dos Basquiños, 9, baixo, 15704 Santiago de Compostela, presenta á “Proposta de Reserva de Biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel”, as seguintes,

ALEGACIÓNS

1. Consideracións previas:

A Ribeira Sacra acubilla un patrimonio natural, cultural, histórico, etnográfico etc. de incuestionábel valor, o que se traduce en que varios elementos incluídos na vixente proposta de Reserva da Biosfera posúen xa o recoñecemento da UNESCO: Montañas do Courel (Xeoparque Global), e os Camiños de Santiago de Compostela (Lista do Patrimonio Mundial). Aliás destes recoñecementos e dende 1996 figura na Lista Indicativa a “Ribeira Sacra” agardando a súa incorporación á Lista do Patrimonio Mundial.

Precisamente, a respecto da candidatura do espazo “Ribeira Sacra” para integrar a Lista do Patrimonio Mundial (e que no seu momento apoiamos), ADEGA ten expresado a súa inqueda sobre determinadas cuestións relacionadas coa integridade e a autenticidade deste espazo (Directriz 78) para a aplicación da Convención do Patrimonio Mundial¹, a súa relación cos factores de degradación así como eficacia das medidas de protección e salvagarda. Sobre esta cuestión, a UNESCO é taxativa: “Os materiais físicos do ben e/ou as

¹ Directrices Prácticas para a aplicación da Convención do Patrimonio Mundial:
<http://whc.unesco.org/archive/opguide08-es.pdf>

súas características significativas deben encontrarse en bo estado e o impacto dos procesos de deterioro debe estar controlado" (Directriz 89). E polo que atinxe aos valores naturais, para a UNESCO *"os procesos biofísicos e as características da terra deberán estar relativamente intactos"*, e as actividades que no espazo se desenvolvan deben *"estaren en harmonía co Valor Universal Excepcional da área e seren sustentábel desde o punto de vista ecolóxico"* (Directriz 90).

Estas preocupacións relativas aos factores de degradación, eficacia das medidas de protección e sustentabilidade das actividades que se desenvolven no espazo, expresadas no seu momento a respecto da candidatura do territorio "Ribeira Sacra" para integrar a Lista do Patrimonio Mundial, facémolas extensivas á actual proposta de Reserva da Biosfera "Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel".

Neste senso, e considerando que a proposta cumpre en liñas xerais cos sete criterios recollidos no art. 4 do Marco Estatutario da Rede Mundial de Reservas de Biosfera² (listados a seguir), debemos tamén expresar a nosa preocupación porque dúas das funcións (listadas de seguido) que deben cumprir os territorios candidatos non están suficientemente garantidas:

Criterios xerais que debe satisfacer unha zona para ser designada Reserva de Biosfera:

- Conter un mosaico de sistemas ecolóxicos representativo de rexións bioxeográficas importantes que comprenda unha serie progresiva de formas de intervención humana.
- Ter importancia para a conservación da diversidade biolóxica.
- Ofrecer posibilidades de ensaiar e demostrar métodos de desenvolvemento sustentábel a escala rexional.
- Ter dimensións suficientes para cumprir coas tres funcións de las Reservas de Biosfera.
- Contar cunha zonificación apropiada para cumprir coas tres funcións.
- Aplicar disposicións organizativas que faciliten a integración e participación.
- Tomar as axeitadas medidas para dotarse de mecanismos, políticas, autoridades e programas de xestión.

Funcións que deben cumprir as Reservas da Biosfera³:

- Conservación dos recursos xenéticos, especies, ecosistemas e paisaxes.
- Desenvolvemento económico e humano sustentábel desde os puntos de vista social e económico.

² Marco Estatutario da Rede Mundial de Reservas da Biosfera:

http://www.ucipfg.com/Repositorio/MGAP/MGAP-04/BLOQUE-ACADEMICO/Unidad-4/lecturas/El_Marco_Estatutario_de_la_Red_Mundial_de_Reservas_de_Biosfera.pdf

³ Estratexia de Sevilla: https://unesdoc.unesco.org/ark:/48223/pf0000103849_spa

-Apoio loxístico ás actividades de investigación, educación ambiental, capacitación e vixilancia relacionada tanto cos temas locais e nacionais como mundiais.


Para ADEGA e a Plataforma Salvemos o Iribio, no territorio da proposta actual de RB téñense dado determinadas actuacións e persiste aínda a ameaza de proxectos e intervencións que cuestionan a primeira e a segunda función (conservación e desenvolvemento sustentábel) recollidas no art. 3 do Marco Estatutario da Rede Mundial. Consecuentemente, mérmanse tamén algúns dos criterios xerais, en particular o relativo a ofrecer oportunidades para o desenvolvemento sustentábel deste territorio.

De seguido, recollemos algunhas das **actuacións e proxectos** no territorio da “Proposta de Reserva de Biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel” que cuestionan o cumprimento das funcións do art. 3:

-Proxectos hidroeléctricos:

Nestes intres están en distintas fases de tramitación 2 novos megaproxectos hidroeléctricos: as centrais en caverna de Sta. Cristina⁴ (Iberdrola) e Edrada⁵ (GN-Fenosa). Ambos afectan ao LIC Canóns do Sil e á zona núcleo e tampón da proposta.


Central hidroeléctrica de Santa Cristina no Sil (Iberdrola)



⁴ <http://adega.gal/info/090121joomla/ultimas-novas/588-proxectos-de-iberdrola-no-sil-mentiras-insulto-a-intelixencia-e-desfeita-ambiental>

⁵ <http://adega.gal/info/090121joomla/novas-adega-ourense/637-outra-central-de-763-mw-a-ribeira-sacra-de-patrimonio-da-humanidade-a-poligono-industrial>

Central hidroeléctrica Edrara-Santo Estevo no Sil (GN-Fenosa)



Ambos proxectos suporán a realización de obras a grande escala e durante varios anos, con centrais en caverna, a construción dun lago elevado, de novas tubarías de presión, de novas liñas de evacuación, e a xeración de millóns de toneladas de entullos, aliás de detraer máis caudal a un río, o Sil, que soporta unha das maiores presións hidroeléctricas de todo o Estado.

No caso da central en caverna de Iberdrola, o EIA (Estudo de Impacto Ambiental) non considera a "alternativa 0"; non estuda a afección sobre o LIC Canón do Sil; non localiza a presenza de especies ameazadas como a aguia real (*Aquila chrysaetos*) ou a aguia pescadora (*Pandion haliaetus*); non avalía o impacto das liñas eléctricas de evacuación; e non cuantifica nin se di que facer cos millóns de m³ de entullos das escavacións, considerando compatíbel deixar o río practicamente seco durante 8 anos.

Para a central de GN-Fenosa, tense previsto furar o canón do Sil cun túnel de 5Km, un pozo de 450m e unha central en caverna co volume dun edificio de vivendas de 10 pisos a 120 m de profundidade no macizo. A zona na que están proxectadas as obras -concello de

Parada de Sil- sitúase nunha área proposta para formar parte da Rede Natura 2000 (Xunta de Galiza-Ibader, 2008) con 18 hábitats da Directiva 92/43 CEE, 4 deles prioritarios, alén de acoller a 24 especies incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, 4 consideradas en perigo de extinción.

-Autovía A-76 pola Ribeira Sacra:

A obra atópase actualmente en diversas fases administrativas dependendo dos treitos. O proxecto carece de xalquera base técnica⁶, particularmente no referido á densidade do tráfico que xustifique a súa construción. Afectará a formacións xeolóxicas (karsts calcarios) moi escasas en Galiza, con hábitats prioritarios, a metade das especies de plantas presentes no país, incluídos dous endemismos exclusivos galegos e outros 9 ibéricos, e outras 140 especies protexidas.



-Parque eólico do Iribio:


As infraestruturas deste parque (accesos, liñas de evacuación e torres eólicas) están nestes intreos en execución, malia a que a tramitación estivo inzada de irregularidades⁷. Afecta á ZEC Ancares-Courel, e á principal zona núcleo da “Proposta de Reserva de Biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel”.

O parque eólico “Serra do Oribio” vulnera a normativa que prohibe a construción de novos parques eólicos en Rede Natura (Lei galega de aproveitamento eólico de 2009, e Plano Director da Rede Natura aprobado en 2014). Conta cunha DIA (Declaración de Impacto Ambiental) redactada hai 14 anos e tramitada en contra de varios procedementos legais, aliás de contar con significativas carencias: deixa fóra de

⁶ Informe “Stop A-76”: http://www.adega.gal/media/documentos/Informe_Stop_A76.pdf

⁷ <http://www.adega.gal/novas.php?id=863&idioma=gl&sec=116>

protección numerosos hábitats e especies de interese comunitario, algunhas delas en perigo de extinción, como o oso pardo (*Ursus arctos*) ou a aguia real (*Aquila chrysaetos*). Ningunha das dúas especies se menciona na DIA do parque. No caso do oso pardo, o parque eólico “Serra do Oribio” conlevará a destrución do seu hábitat, nunha área de distribución potencial da especie e de interese para a conservación, recollida no documento de revisión do Plano de recuperación oso pardo en Galiza. Con esta actuación, derramaranse tamén os investimentos que a través do proxecto Life Oso-Pardo se teñen destinado a esta área.



-Alteración do hábitat da aguia real (*Aquila chrysaetos*) por plantacións de especies pirófitas e actividades turísticas agresivas:


Nos últimos tempos teñen acontecido no territorio proposto para reserva da Biosfera actividades manifestamente incompatíbeis coa conservación dos valores naturais deste territorio, afectando a especies emblemáticas como a aguia real (*Aquila chrysaetos*), catalogada como “en perigo de extinción” no Catálogo Galego de Especies Ameazadas⁸. Atinxiron ademais a espazos naturais protexidos, como a ZEC Canóns do Sil, unha área prioritaria para a avifauna ameazada e á contorna de protección do BIC Mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil.

En 2015 no concello de Parada de Sil realizouse unha plantación de piñeiros dentro do ZEC Canón do Sil con afectación aos hábitats comunitarios Breixeiras sexas europeas (cód. Hábitat CE 4030) e Carballeiras galaico-portuguesas (9230), cointravindo as directrices do

⁸ https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2007/20070509/Anuncio141BE_gl.pdf

Plano de Director da Rede natura 2000⁹. Alén de afectar aos hábitats referidos anteriormente, a plantación realízouse dentro dunha área prioritaria de reprodución, de alimentación, dispersión e concentración local de aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas, quer neste caso da aguia real, considerada en perigo de extinción. Estas áreas prioritarias para as aves ameazadas foron declaradas mediante Resolución do 28 de novembro de 2011, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza (DOG 242 de 21 de decembro de 2011).

Plantación de pirófitas e eliminación de hábitats e áreas prioritarias para a avifauna ameazada




Asemade, e na mesma área sensíbel para a aguia real construíuse un "heliporto turístico" dentro do LIC Canón do Sil e da contorna de protección do mosteiro de Sta. Cristina. Os "voos turísticos" dos helicópteros polos canóns do Sil en plena área de cría da aguia real, poderían incidir negativamente sobre a poboación local desta especie.

Máis recentemente e tamén na mesma zona, 8 entidades conservacionistas alertamos sobre outro proxecto turístico (unha tirolíña que uniría ambas marxes do canón do Sil), que podería incidir sobre os valores naturais deste espazo protexido.

⁹ https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2014/20140331/AnuncioCA02-270314-0001_es.html

Heliporto turístico no Canón do Sil dentro dunha área de protección da avifauna ameazada e contorna de protección dun BIC



2. Conclusións

Os proxectos e actividades antes descritas supoñen un grave deterioro dos valores ambientais e patrimoniais do espazo, coartando as posibilidades dun desenvolvemento sustentábel e poñendo en risco a declaración por parte da UNESCO como Reserva da Biosfera ou Patrimonio Mundial, segundo corresponda. Ditas actividades e as súas consecuencias socavan os criterios xerais que debe ter un territorio para adquirir a consideración de reserva da Biosfera, e mesmo cuestionan dúas das tres funcións que para a UNESCO deben desempeñar estes espazos.

Dende ADEGA e a Plataforma Salvemos o Iribio apoiamos a **proposta de declaración da Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel como Reserva da Biosfera**, mais chamamos a atención das administracións responsábeis sobre a necesidade de afrontar os graves impactos e ameazas que persisten sobre este territorio, algunhas das cais foron descritas con anterioridade e resumimos na seguinte figura:

Mapa das principais afeccións ao territorio da proposta de Reserva da Biosfera



3. Propostas técnicas

Dende ADEGA e a Plataforma Salvemos o Iribio propoñemos **modificar a zonificación** recollida na “Proposta de Reserva de Biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel” segundo se recolle na figura a seguir.


Entendemos que dentro da zonificación e cando menos coa categoría de “zona tampón” deberían incluírse aquelas áreas previamente propostas para formar parte da Rede Natura 2000 de Galiza, elaboradas polo IBADER en 2008¹⁰ e 2014. Nestas dúas propostas,

¹⁰ <http://adega.gal/info/090121joomla/files/Territorio/00-AmpliaRN2K-maio2008.pdf>

particularmente na presentada en 2008, figuraba unha nova ZEC (naquela altura LIC) denominada “Miño-Neira”, así como unha ampliación da ZEC Canón do Sil. Grande parte destes territorios figuran xa fican incluídos na actual proposta de zonificación, agás as áreas sinaladas en azul claro, que propoñemos incorporar dentro da “zona tampón”. Asemade, na proposta de ampliación da RN2000 galega presentada pola Xunta en 2014 e redactada tamén polo IBADER, malia a ser moito menos ambiciosa¹¹, alongaba o territorio da ZEC Río Cabe para incluír a superficie rotulada en rosa no mapa. Propoñemos que esta área sexa incorporada tamén como “zona tampón”.

Asemade, e tal como figura no seguinte mapa, entendemos que debería existir unha continuidade entre as distintas áreas consideradas como “zonas núcleo” na proposta de Reserva da Biosfera, que actualmente fican separadas, en particular ao longo do treito do río Miño e parte do Sil. Incorporar unha “zona núcleo” dentro destes treitos milloraría a coherencia da proposta e reforzaría a conectividade ecolóxica no territorio da Reserva.

Proposta de zonificación da reserva da Biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel



¹¹http://adega.gal/info/090121joomla/files/biodiversidade/Alegacions_ADEGA_AMPLIACION_RN2000.pdf

Por todo o exposto, a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) e a Plataforma Salvemos o Iribio solicita que se teña por presentado este escrito e se teñan en consideración os contidos das presentes alegacións á “Proposta de Reserva de Biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel”, incorporando as nosas propostas na redacción do documento definitivo.

Compostela, 10 de setembro de 2019

Asdo. Fins Eirexas, secretaría técnica de ADEGA